



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 31 DE MARZO DO 2016.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ
(PSOE)

Concelleiros/as :

D. RICARDO GONZALEZ AMARO
(PSOE)

D^a. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)

D^a. NOELIA RODRIGUEZ
TRAVIESO (PSOE)

D. CESAR MANUEL FERNANDEZ
GIL (PP)

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ
(PP)

D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ
(PP)

D. JACOBO GARCIA SOTO (B.N.G.)

D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ
(AGRUPACION DE ELECTORES
RIBEIRO EN COMUN)

D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ
(CxG-CCTT)

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodriguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día trinta e ún de marzo de 2016 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS, QUE FORON AS DO 25 DE FEBREIRO E 16 DE MARZO PASADO (ORDINARIA E EXTRAORDINARIA RESPECTIVAMENTE).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección as actas do 25 de Febreiro e 16 de marzo de 2016 (ordinaria e extraordinaria respectivamente), ao que se lle respostan negativamente, resultando aprobadas por unanimidade dos asistentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 10 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de febreiro, sobre contratación de persoal da bolsa de traballo.

Do 22 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de febreiro; dúas, unha, sobre concesion de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 24 de febreiro; dúas; unha, sobre concesion de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de febreiro; dúas; unha, sobre modificación presuposto en expediente; unha, sobre concesión de vacacións.

Do 26 de febreiro; dúas; unha, sobre aprobación liquidación presuposto 2015; unha, sobre eficacia comunicación previa obra..

Do 29 de febreiro; dúas; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 01 de marzo; unha, sobre concesión de vacacións.

Do 02 de marzo, tres; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión de vacacións.; unha, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 03 de marzo; tres; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de marzo; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de marzo; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de marzo; dúas; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de marzo; unha, sobre arquivo expediente.

Do 09 de marzo; tres; unha, sobre arquivo expediente; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de marzo; dúas; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de marzo; dúas, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de marzo; dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de marzo; unha, sobre delegación competencias.

Do 16 de marzo; unha, sobre aboamentos.

Do 17 de marzo; dúas, unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de marzo; catro; unha, sobre concesión vacacións ;unha, sobre orde de execución; dúas, sobre aboamentos.

Do 21 de marzo; cinco; unha, sobre prolongación permanencia en servizo; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre concesión permiso per enfermidade familiar; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de marzo; dúas; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre arquivo expediente.

Do 23 de marzo; unha, sobre concesión vacacións.

Do 28 de marzo; dúas; una, sobre nomeamento tribunal varemación; unha, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

3.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPROMISO POR GALICIA- CONCELLOS TRANSPARENTES PARA A REPARACION E RESTAURACION DO ALUMEADO EXISTENTE NO CHAN, NO ENTORNO DAS IGREXAS E PRAZAS E A SÚA VEZ DOS PANEIS INFORMATIVOS.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servizos Municipais, Medio Rural e Deportes de data 22 de marzo de 2016, co seguinte tenor literal: " Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcribese:" **EXPOSICION DE MOTIVOS.-**

Tendo en conta que a nosa vila é unha das máis fermosas de España, contribúe a elo un casco histórico envexable polo seu estado de conservación, é fundamental mellorar pequenas cousas que sigan facendo da nosa Ribadavia un lugar de referencia cada vez máis atractivo para nos e para a cantidade de turistas que nos visitan anualmente (que polos datos que manexamos, cada vez son máis).

En virtude do exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes,

ACORDOS

PRIMEIRO.- Instar o goberno municipal a que se faga o posible, para reparar e restaurar o alumeado do entorno das igrexas e prazas (que se encontra no chan) fundamentalmente no casco histórico, o igual que restaurar ou substituir os paneis informativos existentes por uns novos, xa que os actuais están bastante deteriorados, entendemos que será unha actuación sinxela e a súa vez pouco custosa para as arcas municipais pero será boa para darlle máis vistosidade os monumentos e o casco histórico da nosa vila."

De seguido o Sr. Presidente somete a votación a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, un (Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E., P.P. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría simple fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Vázquez López, para dicir que se trata dunha cuestión sinxela de facer e con pouco custe para o Concello, cuestión que contribuirá a darlle unha maior vistosidade o casco histórico sobre todo agora que cada vez nos visita máis xente.

O Sr. Fidalgo Martínez, manifesta a seu apoio a proposta presentada, se ben sinala que de pouco vale que se aproben propostas se despois non se executan recordando que se levan aprobando numerosas propostas e mocións por unanimidade e aínda non se fixo nada; dí que podía engadir a proposta a limpeza das fachadas da igrexas sobre todo a de San Xoan e que haberá que involucrar para implementar esta medida as técnicas da oficina do P.E.R.I..



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Sr. García Soto, intervéñ para dicir que todo o que sexa poñer en valor o noso patrimonio é unha boa medida, dí que tamén se debería facer unha sinalización axeitada e darlle difusión o noso patrimonio artístico cultural.

O Sr. Fernández Gil, reitera o sinalado polo Sr. Fidalgo Martínez en canto a execución dos acordos aprobados polo Pleno, pide axilidade na súa execución; manifesta o apoio do seu grupo a proposta presentada xa que todo que sexa a mellora do noso patrimonio é positivo.

O Sr. Iglesias Sendin, sinala que van a apoiar a proposta; dí que no seu momento dende a oficina do P.E.R.I. xa se traballou no tema do alumeadado das igrexas e agora o que se trata é de poñelo en marcha e arranxar os desperfectos que existen.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

4.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. ESIXINDO A REFORMA, HUMANIZACION E ACONDICIONAMENTO DA RUA NORTE E O ENTORNO COÑECIDO COMO "AS BANQUETAS".-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda e Obras Públicas de data 22 de marzo de 2016, co seguinte tenor literal:" Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:" **Exposición de Motivos:** Dende hai tempo, estamos a recibir queixas da veciñanza de Ribadavia a respecto do estado no que se atopa o entorno da praza coñecida popularmente como “as banquetas”, así como da rúa Norte que conflúe nesta praza.

Se pasamos por esta praza podemos atoparnos con baldosas levantadas, mobiliario urbano en mal estado, iluminación deficiente e, o mesmo podemos dicir da rúa Norte, que conectan con esta praza e que se atopan nun estado de conservación lamentable. Todo isto provoca que un entorno de beleza singular amose unha imaxe moi distanciada da que debe dar un concello que pretende ser polo de atracción turística, sendo máis ben unha imaxe propia dun concello decadente e abandonado.

Dende o Partido Popular de Ribadavia consideramos de vital importancia levar a cabo unha actuación integral de reforma, humanización e acondicionamento do entorno de “as banquetas” e a rúa Norte. Unha actuación que debe comprender en todo caso a mellora dos enlousados, reposición e modernización de mobiliario urbano e reposición e modernización de luminarias.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

Acordo:

- a) Instar ao goberno municipal a encargar, de xeito inmediato, un proxecto integral de reforma, humanización e acondicionamento da praza de “As Banquetas” e a rúa Norte.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

- b) Unha vez recibido o proxecto, levar a cabo a correspondente modificación de crédito e executar a obra de reforma, humanización e acondicionamento da praza de "As Banquetas" e a rúa Norte".

De seguido sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, cinco (P.P., P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o pleno os membros da Agrupación de Electores Ribeiro en Comun e B.N.G.. Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fernández Gil, para dicir que con esta proposta o seu grupo limitouse a recoller as inxerencias da veciñanza; di que o que se propón e a mellora do mobiliario urbano e unha nova pavimentación, e dicir, unha mellora integral, xa que estamos a falar dunha zona considerada como un punto de encontro de moita xente e con encanto, polo que pensa que ben se merece a elaboración dun proxecto para despois tratar de conquistar financiación para a súa execución.

O Sr. Vázquez López, di que o entorno ben merece unha actuación, di que unha vez feito proxecto deberase buscar financiación e se non é suficiente para facer toda a actuación solicita que se vaia facendo por fases.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que para o seu grupo non se considera como unha das actuacións prioritarias se ben van a apoiar a proposta, xa que tratase dunha moción realista, xa que pidese a realización dun proxecto para despois conseguir o diñeiro para a súa execución.

O Sr. Garcia Soto, manifesta o seu apoio a moción, xa que todo o que sexa beneficioso para os veciños e o pobo vai a ter o visto bo do seu grupo, non obstante reitera o que leva manifestado o seu grupo de facer un plan cuatrienal de obras, no que se senten as bases e prioridades para futuras actuacións.

O Sr. Iglesias Sendin, di que o seu grupo está de acordo e encargarán as técnicas municipais a redacción do proxecto, para despois enviar a Patrimonio amén de tratar de buscar financiación allea e así o custo para as arcas do Concello sexa a menor posible; en canto o tema do plano cuatrienal está de acordo se ben cando se falou do tema referiase a actuacións en camiños.

O Sr. Garcia Soto, di que é certo que no seu momento falouse do tema dos camiños, pero pensa que esta medida podese estender a todas as actuacións do Concello, fixando prioridades, senon en cada pleno cada grupo pode traer unha proposta de actuación, cuestión que non lle parece operativa.

O Sr. Iglesias Sendin está de acordo co manifestado polo Sr. Garcia Soto, se ben considera que para facer este plan habera que escoitar os técnicos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

5.- DESIGNACION DE REPRESENTANTE NO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servicios Municipais, Medio Rural e Deportes de data 22 de marzo de 2016, co seguinte tenor literal: " O Sr. Presidente da Comisión, sinala que dada a renuncia do Concelleiro do B.N.G., Don Anxo Collarte Pérez, faise necesario nomear un substituto no Consello municipal de deportes no que estaba como representante, proponendo o Pleno a súa substitución polo concelleiro do B.N.G. Don Jacobo Garcia Soto.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada, obtendose o seguinte resultado: fica ditaminada favorablemente por unanimidade".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

6.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DEFENSA DAS DEPUTACIONES E EN CONTRA DAS SÚA DESAPARACION.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda e Obras Públicas de data 22 de marzo de 2016, co seguinte tenor literal:" Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcribese:" **Exposición de Motivos:** Dende o comezo da nosa democracia as Deputacións Provinciais, os Consellos e Cabildos Insulares teñen sido coprotagonistas, como gobernos locais intermedios, da mellora xeral dos nosos pobos e cidades, axudando aos municipios a desenrolar as súas competencias e a prestar máis e mellores servizos. O seu obxectivo final ten sido, e segue sendo, proporcionar un maior benestar aos cidadáns ofrecendo servizos de calidade que garanticen a igualdade de oportunidades, evitando así que existan cidadáns de primeira e de segunda.

Durante estes anos, garantizaron a permanente asistencia, cooperación xurídica, económica, técnica e de asesoramento dos concellos facilitando o seu correcto funcionamento, especialmente nos concellos do rural.

A súa labor de coordinación territorial, de auxilio aos concellos pequenos e medianos, de prestación de servizos de primeira necesidade que moitos concellos non poderían prestar por si mesmos, de impulso de actuacións complementarias en temas de competencia municipal, ten sido de vital importancia para a xestión local.

Provincias e municipios, concellos e deputacións, integran unha mesma comunidade política e comparten uns mesmos intereses, sen relación xerárquica se non de paridade institucional. Son fundamentais para, xerando economías de escala, provocar o abaratamento dos custes e o conseguinte efecto multiplicador dos recursos.

O seu papel é esencial para os pequenos concellos, ata o punto de que a supresión das deputacións abocaría á desaparición aos pequenos concellos. E son tamén unha ferramenta imprescindible para combater o despoboamento do rural.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

As deputacións provinciais, así como as deputacións forais os cabildos e os consellos insulares son verdadeiras administracións territoriais con competencias propias e con autonomía para xestionar os seus intereses, tal e como reconece a constitución.

O artigo 141.2 da constitución encomenda ás deputacións o goberno e a administración autónoma das provincias, recoñecidas no seu apartado primeiro como entidades locais con personalidade xurídica propia. Así o ten refrendado o tribunal constitucional en diferentes ocasións, definíndoas como “compoñentes esenciais cuxa preservación se xulga indispensable para asegurar os principios constitucionais”.

Por todo isto o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

Acordo:

a) Reivindicar o valor institucional das deputacións provinciais, cabildos e consellos insulares como gobernos que cumpren a misión de cooperar na vertebración territorial e de velar pola igualdade e o acceso de todos os cidadáns aos servizos necesarios.

b) Esixir ao futuro goberno da nación que respecte estas institucións para non castigar aos millóns de cidadáns que, baixo o seu amparo, conviven en municipios rurais.

c) Valorar que o presente inmediato das deputacións, cabildos e consellos insulares non pasa pola súa eliminación, se non por alcanzar, xunto cos concellos, o obxectivo de dotarse dunhas administracións modernas e eficaces ao servizo dos cidadáns, nas que non se solapen competencias, e que contén co mesmo nivel de calidade e autosuficiencia das demais administracións do estado”.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (P.P.); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Comun e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente”.

De seguido o Sr. Alcalde do Concello, acolléndose ó previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (RD 2568/1986) e do artigo 23.4 do Regulamento Orgánico do Concello (BOP 27 de 3 febreiro de 2016), en relación coa MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O PAPEL DAS DEPUTACIÓNS, formula a seguinte **EMENDA**:

SUBSTITUIR A PROPOSTA DE ACORDO POLO TEXTO DA DECLARACIÓN DA FEMP DE DATA 14 de Marzo de 2016:

1.-Recordar que o XI Pleno da FEMP acordou, por ampla maioría, instar á derogación inmediata de la Lei 27/2013, de 30 de Decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

2.- Instar á aprobación dunha nova Lei de Bases de Réxime Local así como á reforma do financiamento local de forma que se reforce a autonomía local, garantíndose un



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

sistema de financiamento estable e proporcional que responda a competencias ben definidas, eliminando duplicidades e que garanta, en todo caso, a prestación dos servizos públicos de calidade de tódolos cidadáns, residan onde residan.

3.- Instar á aprobación dun réxime local propio para los pequenos municipios e as entidades locais menores, que garanta a súa supervivencia mediante esixencias administrativas, de procedemento e fiscalización proporcionadas ós seus orzamentos e competencias, co espírito de manter o autogoberno local, a xestión comprometida do patrimonio común , a prestación de servizos e a referencia institucional de identidade, elementos clave para manter o valor do territorio e fixar a súa poboación.

4.- Impulsar unha administración intermedia, as deputacións provinciais, máis moderna, que se adapte ás necesidades da nosa sociedade actual, redefinindo o papel e estrutura das deputacións provinciais de réxime común, para prestar servizos con maior eficacia e garantía de calidade ós concellos de menos de 20.000 habitantes. Desenvolverán as súas competencias prestadoras de servizos con maior eficiencia e sempre con criterios de máxima transparencia, racionalidade e democracia participativa. Pretendemos con elo, garantir á cidadanía o acceso ós servizos públicos de calidade, independentemente do seu lugar de residencia".

Intervén o Sr. Fernández Gil, para sinalar que non ten inconveniente algún en aceptar a enmenda presentada polo Sr. Alcalde; dí que o espírito da proposta e respaldar a labor das Deputacións, sobre todo polos servizos que prestan os concellos de menos de 20.000 habitantes, en concreto o Concello de Ribadavia, están a prestar o servizo de recollida de lixo, teleasistencia, cofinancian os servizos sociais, subvencionan actividades culturais e deportivas, polo que pensa que é positivo reivindicar o valor institucional das deputacións provinciais como gobernos que cumpren a misión de cooperar na vertebración territorial e de velar pola igualdade e o acceso de todos os cidadáns aos servizos necesarios.

O Sr. Vázquez López, manifesta a súa oposición a proposta presentada, sinalando que se trata dunha institución obsoleta, cuos membros non se elixen por sufraxio universal e directo, o que conleva a que algunhas esten dirixidas por persoas con pouco valor moral, ético e caprichosas; fai referencia o artigo 41 do Estatuto de Autonomía de Galicia que contempla a figura das comarcas e mancomunidades, facendo fincapé que en Galicia as comarcas están perfectamente definidas e contribuirían dunha mellor maneira a resolver os problemas dos cidadáns; dí que os recursos dos Concello están moi mermados debido a existencia das deputacións cuestión que non pasa no resto dos países da Unión Europea, polo que pensa que hai que dotar os concellos de medios económicos e técnicos para que poidan desenvolver as súas funcións.

O Sr. Fidalgo Martínez, coincide en parte co manifestado polo Sr. Vázquez López, dí que se trata dun debate ficticio, xa que é unha cuestión que se está a abordar no ámbito estatal e non se entra a analizar a particularidade do caso galego; fai referencia o número de concellos de Castilla León e a Rioxá en relación cos que hai en Galicia (314) e nesos territorios non se fala para nada de fusión ou agrupacións de



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

concellos; sinala que no Estatuto de Autonomía de Galicia falase da comarcalización de Galicia recoñendo a comarca como entidade con personalidade xurídica propia, indicando que o seu grupo está de acordo en que haxa unha administración intermedia, pero sempre de acordo coa idiosincrasia galega, reivindicando a organización en parroquias, cuestión todavía vixente en Galicia; en canto a proposta-enmenda dí que pode estar de acordo cos tres primeiros puntos pero non co cuarto. Finaliza a súa intervención dicindo que non é o máis aconsellable dende o punto de vista da xestión dos recursos públicos e político defender as deputacións se temos en conta o caso da provincia de Ourense.

O Sr. García Soto, manifesta a disconformidade do seu grupo coa proposta presentada; dí que dende o ano 1982 o B.N.G. leva defendendo a figura da comarca como administración intermedia, e de feito a súa propia organización está dividida por comarcas; dí que o exemplo máis claro da comarcalización é o Ribeiro, que sigue funcionando como unha verdadeira comarca, di que se trata dunha realidade galega incontestable.

Intervén o Sr. Alcalde, para sinalar que lle parece curioso que o grupo popular acepte a enmenda no Concello e non acepte a mesma na Deputación Provincial; dí que comparte moitas das cuestións expostas polos grupos que se opoñen a proposta, estando de acordo en que se trata dunha moción política presentada polo P.P., se ben a enmenda que presenta o seu grupo ten un carácter administrativo, indicando que fai a enmenda apelando a responsabilidade institucional, anque non esté de acordo con moitas cousas, incluso con algunhas que defende o seu partido; sinala que o acordo que se fixo a nivel estatal fala de que se trata de institucións que deben tenderse a eliminarlas, indicando que a solución o tema pasa por dotar os Concellos dunha financiación axeitada e neste caso as Deputación xa non fan falta, reivindicando o papel das Administracións locais. Finaliza dicindo que un exemplo claro de que porque non deben existir as deputacións e o caso da de Ourense.

Intervén o Sr. Fernández Gil, para sinala que está de acordo con algunha das cuestións prantexadas, como por exemplo o da elección directa de Presidente e Deputados provinciais, cuestión está que propuxo a FEMP o Presidente da Deputación provincial; dí que moitos países da Unión Europea contan con gobernos locais intermedios, sinalando que se poden optar por outras fórmulas como a comarca, indicando que o seu criterio non hai choque entre o Estatuto de Autonomía e a Constitución Española, di que a xustificación de anacronismo para denostar a Deputación non é válida xa que outras institucións teñen máis antigüidade; dí que a lei 27/2013, de 30 de Decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, tivo cousas boas como a delimitación de competencias das administracións. Finaliza a súa intervención para dicir que a autonomía local xustifica a actuación do seu grupo a hora de votar libremente as propostas que traen o Pleno, sempre en interese do veciños e do pobo que representan.

O Sr. Vázquez López, reitera o manifestado na súa primeira intervención, volvendo a reivindicar o papel das comarcas en Galicia.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para facer unha defensa da nacionalidade galega, indicando que a cuestión que se prantexa é a de darlle autonomía os Concellos para o cal necesitan dotarse de recursos económicos para prestar os servizos obrigatorios encomendados; critica o réxime presidencialista tanto da figura do Alcalde como do Presidente da Deputación, xa que a labor de fiscalización dos grupos da oposición queda moi sesgada. Finaliza dicindo que a corrupción non é solo na Deputación de Ourense, senon en moitas e de diferentes cores políticos.

O Sr. Garcia Soto, intervén para dicir que se o argumento para defender as deputacións é que prestan servizos os cidadáns, eso podese facer con outras figuras como a agrupación de concellos, dicindo que o tema é un debate político sobre a organización do Estado.

Intervén o Sr. Alcalde, para dicir que non ten lexitimidade para pedir elección directa quen hereda o seu cargo do seu pai e no desempeño do mesmo brilla pola súa ausencia a transparencia; non está de acordo coa calificación de presidencialista dos Alcalde e o exemplo remítese. Finaliza que él por coherencia vai a votar a prol da proposta deixando liberdade de voto os membros do seu grupo.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da proposta presentada coa incorporación da enmenda presenta polo Sr. Alcalde en substitución da proposta de acordo primitivo, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.P. e P.S.O.E); votos en contra, seis (B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común, e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes e os concelleiros do P.S.O.E., Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Dona Noelia Rodríguez Travieso).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a proposta presentada, que de seguido transcríbese:

"1.-Recordar que o XI Pleno da FEMP acordou, por ampla maioría, instar á derogación inmediata de la Lei 27/2013, de 30 de Decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

2.- Instar á aprobación dunha nova Lei de Bases de Réxime Local así como á reforma do financiamento local de forma que se reforce a autonomía local, garantíndose un sistema de financiamento estable e proporcional que responda a competencias ben definidas, eliminando duplicidades e que garanta, en todo caso, a prestación dos servizos públicos de calidade de tódolos cidadáns, residan onde residan.

3.- Instar á aprobación dun réxime local propio para los pequenos municipios e as entidades locais menores, que garanta a súa supervivencia mediante esixencias administrativas, de procedemento e fiscalización proporcionadas ós seus orzamentos e competencias, co espírito de manter o autogoberno local, a xestión comprometida do patrimonio común, a prestación de servizos e a referencia institucional de identidade, elementos clave para manter o valor do territorio e fixar a súa poboación.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

4.- Impulsar unha administración intermedia, as deputacións provinciais, máis moderna, que se adapte ás necesidades da nosa sociedade actual, redefinindo o papel e estrutura das deputacións provinciais de réxime común, para prestar servizos con maior eficacia e garantía de calidade ós concellos de menos de 20.000 habitantes. Desenvolverán as súas competencias prestadoras de servizos con maior eficiencia e sempre con criterios de máxima transparencia, racionalidade e democracia participativa. Pretendemos con elo, garantir á cidadanía o acceso ós servizos públicos de calidade, independentemente do seu lugar de residencia".

7.- APROBACION, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE RIBADAVIA (OURENSE).

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servizos Municipais, Medio Rural e Deportes de data 22 de marzo de 2016, co seguinte tenor literal: "O Sr. Presidente da Comisión da conta dos novos Estatutos da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Ribadavia; dí que con estes Estatutos tratase de adecualos a nova normativa existente na materia e que os mesmos foron aprobados o pasado 11 de marzo na Asamblea xeral da Agrupación de voluntarios de Protección Civil.

De seguido o Sr. Presidente somete a votación a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (P.S.O.E.); reservanse para o Pleno os membros do P.P., Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría simple fican ditaminados favorablemente".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións, seis (P.P. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobado o devandito Regulamento.

8.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMUN EN REXEITAMENTO DO ACORDO ENTRE A UNIÓN EUROPEA E TURQUIA PARA A EXPULSION DE SOLICITANTES DE ASILO.

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Benestar Social de data 22 de marzo de 2016, co seguinte tenor literal:" Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:" De seguido a Sra. Presidenta da Comisión da conta dunha proposta do grupo municipal de Ribeiro en Común relativa ao **REXEITAMENTO DO ACORDO ENTRE A UNIÓN EUROPEA E TURQUÍA PARA A EXPULSIÓN DE SOLICITANTES DE ASILO**, que de seguido transcríbese:"**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O pasado sete de marzo, a Unión Europea e Turquía chegaron a un principio de acordo que, de feito, supón o peche das fronteiras europeas aos solicitantes de asilo político que escapan dos conflitos de Asia e África. Por medio deste acordo, que debe ser referendado no cumio a celebrar os días 17 e 18 deste mes, procédese á expulsión e regreso a Turquía dos solicitantes de asilo que cheguen a través do Exeo.

A cambio, a UE facilita o tránsito dentro do espazo Schengen aos cidadáns turcos, que xa non precisarán visado para desprazarse no interior da Unión Europea; axiliza as conversas de acceso dese país na Unión; e entregará 6.000 millóns de euros ao Goberno de Ankara para a atención ás persoas refuxiadas. É dicir, a través deste acordo facilítase o tránsito intraeuropeo aos case 75 millóns de turcos -o cal parece positivo-, pero impídeselle aos dous millóns de persoas refuxiadas sirias, afgás ou iraquís. Facilítanse 6.000 millóns de euros para a atención ás persoas refuxiadas, pero ao mesmo tempo bloquéase o seu acceso aos países de acollida.

Este acordo non só é contrario á Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, cuxo artigo 19 estipula que as expulsións colectivas están prohibidas no interior da Unión Europea. Incumpre a Convención de 1951 sobre o Estatuto dos Refuxiados de Nacións Unida, que no seu artigo 3 prohibe a discriminación por país de orixe. Infrinxe a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que no seu artigo 14 establece o dereito a asilo en calquera país.

E ademais, é unha afronta á ética humana máis elemental e á propia historia dos países europeos. A única intención dos 28 gobernos dos países que conforman a Unión Europea é evitar a xestión do fluxo de refuxiados, encargando esa tarefa tanto a Turquía como a Grecia. A cambio de evitar os conflitos internos entre os países que a forman, a Unión Europea vulnera os dereitos das persoas solicitantes de asilo; rebaixa a súa calidade democrática e humanitaria; e perpetúa o sufrimento das persoas amoreadas ás súas portas, sen facer nada por poñer unha solución, tal e como demanda gran parte da súa cidadanía.

Este acordo retrotraéenos oito décadas, repetindo os mesmos erros cometidos nos anos trinta. As actitudes covardes de entón e de agora só serviron, en lugar de mitigar, para multiplicar o poder das opcións políticas xenófobas e excluíntes. Á vista están os recentes resultados electorais en Alemaña, os atentados contra centros de acollemento, e as lamentables e violentas imaxes das fronteiras europeas. Se finalmente resulta aprobado, será motivo de vergoña para toda a nosa sociedade cando o tempo nos permita xulgallo en perspectiva.

Europa comprometérase, en setembro de 2015, a admitir a 160.000 refuxiados, unha cantidade claramente insuficiente. Pero a mediados de xaneiro de 2016, tan só foran admitidas menos de 800 persoas, das 22.500 que deberan ter chegado; entre elas, as 18 que chegaron ao Estado Español. Mentres, países con menos recursos como Xordania ou Líbano acollen a millóns deles, algo do que o Occidente desenvolvido non é capaz.

Pechar as fronteiras europeas non vai solucionar os problemas dos refuxiados, nin rematar coas causas da guerra. Negar un paso seguro ás persoas solicitantes de asilo significa a súa condena aos riscos da violación, o roubo, a desaparición de menores, a explotación das mafias, e á morte. E sendo o máis importante o drama social, non esquezamos que significa tamén a última lousa á construción dun proxecto europeo común, solidario, incluínte e humanitario.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Os antecedentes descritos recomentan a redacción da presente moción e a aprobación dos seguintes Acordos por parte do Pleno municipal.

ACORDOS:

- 1.- O Pleno da Corporación expresa o seu rexeitamento do acordo entre a Unión Europea con Turquía, relativo á expulsión de solicitantes de asilo, por incumprir os principios xurídicos básicos do dereito internacional, e os compromisos subscritos polo Estado.
- 2.- O Concello de Ribadavia expresa a súa solicitude, de que a Unión Europea autorice o paso seguro das súas fronteiras aos solicitantes de asilo que chegan á UE ou que xa están nela.
- 3.- O Concello de Ribadavia insta ao Goberno do Estado en funcións a pronunciarse en contra do acordo con Turquía, no correspondente encontro da Unión Europea.
- 4.- O Concello de Ribadavia esixe á Xunta de Galicia, á FEGAMP e ás Deputación Provinciais galegas a pronunciarse en contra dun acordo que de xeito tan manifesto e directo violenta a legalidade internacional e os Dereitos Humanos.
- 5.- Como expresión de rexeitamento do tratado e de solidariedade coas persoas desprazadas e solicitantes de asilo, así como de dó polas que faleceron na súa fuxida, a bandeira europea situada na Casa do Concello de Ribadavia ondeará a media asta durante o prazo dun mes."

De seguido sométese a votación ordinaria a urxencia da proposta presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, un (Agrupación de Electores Ribeiro en Común); reserváanse para o Pleno os membros do P.S.O.E., P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes.- Por conseguinte por maioría simple fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para explicar o contido da moción, sinalando que Turquía é un país moi sospeitoso de menoscabo dos dereitos humanos, di que na televisión vimos imaxes que recordan a tempos pasados; os acordos asinados incumpren os tratados da U.E., Estatuto dos Refuxiados e a declaración universal de dereitos humanos, facendo fincapé no lamentable tratamento que lle está a dar a estas persoas a Unión Europea.

O Sr. Vázquez López, manifesta o apoio a proposta xa que coincide co espírito da mesma e coa proposta de acordo.

O Sr. Garcia Soto, dí que Galicia é un país emigrante e entendemos estas cuestións, indicando que non se pode dispensar o trato que se está dando os refuxiados.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

O Sr. Fernández Gil, dí con carácter prioritario sinala o valor da vida humana; sinala que se trata dun drama inxusto e que xa houbo acordo noutras institucións solicitando un trato xusto a estas persoas.

A Sra. Rodríguez Travieso, manifesta o apoio do seu grupo, dí que dende o Concello faresse todo o posible para paliar o drama que se está a vivir e tratará de involucrar os veciños para axudar na medida do posible aos afectados.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

9.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMUN PARA DECLARACION DO CONCELLO CONTRA AOS TRATADOS DE LIBRE COMERCIO.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda e Obras Públicas de data 22 de marzo de 2016, co seguinte tenor literal:" Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:" De seguido o Sr. Presidente da Comisión da conta dunha proposta do grupo municipal de Ribeiro en Común relativa a oposición aos Tratados de Libre Comercio, que de seguido transcríbese:"**Declaración de Concello oposto aos Tratados de Libre Comercio.**

Moción presentada para que o Concello de Ribadavia declare a súa oposición aos Tratados de Libre Comercio (TTIP, CETA, EPA e TISA) que na actualidade se negocian por parte da Comisión Europea, así como a todos os mecanismos de arbitraje e cooperación regulatoria que nestes e noutros tratados se imponen en detrimento da democracia, o ben común e os dereitos e liberdades das persoas e os pobos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Por parte da Comisión Europea négóciase na actualidade, con outros países, unha serie de Tratados de Libre Comercio (TLC) nos que, baixo a desculpa de facilitar o comercio e os investimentos entre países, establécense as bases para a privatización definitiva dos bens comúns e os servizos públicos, a subtracción da soberanía popular, o sometemento de institucións e marcos lexislativos e, en definitiva, a submisión dos dereitos e liberdades fundamentais aos intereses particulares das grandes empresas transnacionais. Os principais acordos en fase de negociación dos que se teñen noticias son o Tratado Transatlántico para o Comercio e o Investimento (TTIP), que se negocia con Estados Unidos; o Acordo Económico e Comercial Global (CETA) con Canadá; os Acordos de Asociación Económica (EPA) con países de África; e o Acordo sobre Comercio de Servizos (TISA), que implica á Unión Europea, Estados Unidos e outros 22 países.

As negociacións destes tratados estanse celebrando a porta pechada, de maneira opaca, cunha intolerable ausencia de transparencia e control democrático por parte da cidadanía e dos seus representantes políticos (parlamentos nacionais e europeo), pero cunha ampla presenza de *lobbies* das empresas trasnacionais.

Máis alá dun acordo comercial o TTIP e o CETA pretenden harmonizar as leis de Estados Unidos e Canadá cos da Unión Europea, de xeito que as diferentes normativas sobre protección social, laboral ou ambiental non sexan un obstáculo ao libre mercado.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Así, nun futuro próximo ímonos atopar cun mercado laboral desregulado; coa anulación do "principio de precaución" que poría en perigo a nosa saúde e seguridade; co reforzo das patentes e o monopolio sobre medicamentos que encarecería prezos; coa imposibilidade de protexer os produtos locais e a desaparición das denominacións de orixe; coa competencia desleal das grandes granxas americanas aos nosos pequenos produtores agropecuarios; coa redución fiscal ás grandes empresas e fortunas; ou coa desaparición de milleiros de postos de traballo e de pequenas e medianas empresas, entre outras consecuencias derivadas destes tratados.

Propónse a creación do Consello de Cooperación Regulatoria, que supervisará tódalas regulamentacións e actos normativos da UE e dos seus Estados membros, incluídos os gobernos a nivel central e local, en relación ao estipulado en calquera dos capítulos destes tratados. Neste ente permanente participan ademais dos representantes gobernamentais os propios *lobbies* das empresas transnacionais, que terán a potestade de esixir cambios nas lexislacións actuais, así como de vetar futuras normativas se consideran que as mesmas lesionan os seus investimentos. Isto é, crear un organismo con participación de compañías privadas que decide que leis poden, ou non, ser debatidas e aprobadas polos parlamentos e gobernos elexidos democraticamente polos cidadáns.

Estes acordos supoñen así mesmo a creación dun marco pseudo-xurídico das relacións estado-empresas: sendo os tribunais arbitrais do Dereito Corporativo Global, alleos aos principios básicos do estado de dereito, os que rexan as relacións entre institucións públicas e empresas transnacionais. No caso de que os investidores estranxeiros presentaren conflitos cos Estados, un tribunal especial de arbitraje encargaríase de resolver de acordo coa cláusula de 'Resolución de conflitos Investidor-Estado' (ISDS en inglés), ou ben polo máis novo Sistema de Tribunal de Investimentos (ICS). Este tribunal tería competencias para impor compensacións económicas aos Estados en beneficio dos investidores estranxeiros, se estes desmostran que as normas adoptadas polos gobernos afectan os seus beneficios presentes ou futuros. Así, medidas como a subida do Salario Mínimo Interprofesional, o incremento dos impostos ás grandes corporacións ou o aumento das exixencias ambientais ás empresas contaminantes poderían supor sancións financeiras multimillonarias ás arcas públicas.

En relación ao acordo cos países africanos (EPA), o seu obxectivo é suprimir o 75% dos dereitos de aduana sobre as importacións procedentes da UE nos países africanos. Isto resultará especialmente prexudicial para os países africanos, por abrir as súas portas á competencia desleal das grandes empresas europeas. Pero en segunda instancia tamén prexudica á poboación europea, dado que favorece un modelo de agricultura produtivista, contaminante e pouco intensiva en empregos, que será competencia directa para o noso sector agrario, ademais de repercutir sobre unha migración masiva de poboación africana cara a Europa pola ruína das súas economías.

Pola súa banda o TISA ten como obxectivo a privatización dos servizos públicos, abrindoos á competencia internacional, e previr calquera intervención pública. Prohíbese expresamente a xestión pública ou o cambio de regulación de servizos que algunha vez fosen xestionados de maneira privada. O que supón a imposibilidade da remunicipalización ou calquera forma de recuperación de servizos privatizados, aínda naqueles casos en que se demostre que a xestión privada non garante uns niveis básicos de calidade, cobertura e sustentabilidade. Entre os servizos obxecto de liberalización



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

están incluídos a educación, a sanidade, a seguridade social, a xestión da auga, a xustiza, ou a seguridade (policía e exército). A partir da sinatura do tratado, a potestade do Estado e das Administracións Públicas para dar estes servizos estará supeditada ás normas da competencia, polo cal pode ser un importante paso para o desmantelamento do Estado Social e de Dereito tal e como o coñecemos.

Este espírito liberizador inclúe tamén as compras e licitacións de bens e servizos das Administracións Públicas, o que compromete a facultade dos representantes elixidos para administrar libremente as súas comunidades locais e promover a actividade industrial, o emprego e as iniciativas locais. O tempo que supón un paso atrás na lei de contratación pública da Unión Europea na que ademais dos criterios económicos admítense outros como os sociais ou os ambientais.

Este tratado asínase con países que non cumpren os convenios da OIT, polo que expoñemos ás nosas empresas á competencia doutras que son máis competitivas porque explotan máis aos seus traballadores, o que levará ao peche de pequenas e medianas empresas e á posterior deterioración dos nosos dereitos laborais para gañar en competitividade.

Os tratados aquí mencionados recollen cláusulas de blindaxe, de tal xeito que só poderan ser emendados ou anulados co consentimento unánime de tódolos asinantes, o que supón na práctica o sometemento de calquer futuro goberno ao aquí pactado.

Estes mecanismos supoñen un ataque frontal á soberanía dos pobos, limitando a capacidade das Administracións Públicas de calquer nivel (estatal, autonómico ou municipal) para adoptar políticas encamiñadas a cubrir as necesidades dos cidadáns e a defender os seus dereitos e liberdades, e implican supeditar as institucións e marcos legais aos intereses particulares das grandes empresas multinacionais.

Baixo o pretexto de facilitar os intercambios económicos e de investimentos entre países, trátase de impor un novo modelo de gobernanza que porá a soberanía, os dereitos e liberdades, a seguridade, a saúde pública, os bens comúns, os servizos públicos, a protección das economías locais, as pequenas e medianas empresas e os traballadores en mans das grandes corporacións.

XUSTIFICACIÓN:

A cidadanía no seu conxunto, así como os seus gobernos (estatais, autonómicos e locais), teñen o dereito de ser informados e consultados sobre a lexislación acordada a escala europea e que lles afecta de xeito directo. Ese dereito está a ser vulnerado de maneira flagrante, a respecto das negociacións que se veñen producindo arredor do TTIP, o TISA e outros tratados de libre comercio.

O comercio e o investimento soamente poden contribuír ao ben común baseados en criterios de xustiza social, económica e ecolóxica, criterios que non están a ser aplicados no desenvolvemento destes tratados

A privatización dos servizos públicos proposta por estes tratados restrinxen a súa universalidade e accesibilidade, aumenta o seu custo e reduce a súa calidade, polo que a súa xestión debe ser pública, artellando mecanismos de control social.

Os dereitos humanos e os dereitos sociais son dereitos inalienables, polo que non poden depender da lóxica do mercado.

As institucións públicas e os marcos legais débense á defensa dos dereitos e liberdades das persoas e os pobos, o ben común e o interese xeral, por enriba de calquer



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

consideración relativa ao libre mercado ou aos intereses particulares das empresas transnacionais.

As Corporacións Locais son as canles máis axeitadas para promover os servizos públicos e o fomento da economía, da industria e do emprego local. Sendo os Concellos as institucións democráticas máis próximas á cidadanía teñen un papel prioritario na defensa dos dereitos sociais, económicos e ambientais das veciñas e veciños, polo que teñen o deber de inxerencia respecto ao que persegue o TTIP, o TISA e os outros tratados de libre comercio.

En base ao anteriormente exposto, o Grupo Municipal de Ribeiro en Común solicita ao pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1) Declarar ao Concello de Ribadavia como municipio oposto ao TTIP, TISA, CETA, EPA e aos Tratados de Libre Comercio que negocia na actualidade a Comisión Europea, así como a todos os mecanismos de arbitraje e cooperación regulatoria que nestes e noutros tratados se impoñen en detrimento da democracia, o ben común e os dereitos e liberdades das persoas e os pobos.

2) Solicitar ao Goberno de España, así como aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento Europeo, o seguinte:

Que se opoñan á aprobación do TTIP, o CETA, o EPA e o TISA, e de todos aqueles Tratados de Libre Comercio que contraveñan os principios de xustiza social, económica e ecolóxica, que non sexan desenvolvidos de maneira pública e transparente, e que vaian en detrimento da democracia, a soberanía popular, o ben común e o interese xeral.

Que velen porque os mecanismos de arbitraje e resolución de conflitos entre investidores e estados (disposicións do tipo ISDS ou ICS) non sexan incluídas en ningún futuro tratado de comercio ou investimentos, e que desaparezan dos tratados existentes.

Que se opoñan á participación directa ou indirecta das Empresas Transnacionais, a través de calquer tipo de organismo ou lobbies, nos procesos reguladores ou normativos da UE e os seus Estados Membros, en relación con temas sociais, laborais, sanitarios, medioambientais ou calquera outra materia que afecte ao interese xeral. Os entes reguladores públicos poderán en todo caso establecer consultas non discriminatorias con organizacións democráticas da sociedade civil.

Que velen porque os acordos comerciais sigan estritamente criterios de transparencia, participación cidadá, solidariedade, democracia e soberanía, para promover prácticas que sexan xustas e que sirvan ao interese xeral das persoas e dos pobos e respecten e favorezan o desenvolvemento dos seus dereitos e liberdades.

3) Dar traslado deste acordo aos Gobernos de España e de Galicia e a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, do Parlamento Galego e do Parlamento Europeo, para que se rexistre e quede constancia do mesmo.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido sométese a votación ordinaria a urxencia da proposta presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, un (Agrupación de Electores Ribeiro en Común); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E., P.P., B.N.G. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para explicar o contido da proposta presentada, dí que ditos tratados supoñen un ataque os sectores productivos galegos en especial os do Ribeiro polo seu carácter vitivinícola; sinala que este espírito liberizador inclúe tamén as compras e licitacións de bens e servizos das Administracións Públicas, o que compromete a facultade dos representantes elixidos para administrar libremente as súas comunidades locais e promover a actividade industrial, o emprego e as iniciativas locais, o tempo que supón un paso atrás na lei de contratación publica da Unión Europea na que ademáis dos criterios económicos admítense outros como os sociais ou os ambientais; ademáis este tratado asínase con países que non cumpren os convenios da OIT, polo que expoñemos ás nosas empresas á competencia doutras que son máis competitivas porque explotan máis aos seus traballadores, o que levará ao peche de pequenas e medianas empresas e á posterior deterioración dos nosos dereitos laborais para gañar en competitividade, por todo iso opoñense os referidos tratados de libre comercio.

O Sr. Vázquez López, manifesta o apoio a proposta xa que coincide co espírito da mesma e coa proposta de acordo, xa que os tratados perxudican os intereses xerais e en particular os do Ribeiro.

O Sr. Garcia Soto, dí que ditos tratados supoñen un ataque a soberanía popular dos Estados Europeos, supón sometemento as decisións de grandes multinacionais conlevando unha maior precariedade laboral, polo que en base a eso o seu grupo vai a votar a prol da proposta.

O Sr. Fernández Gil, sinala que o seu grupo vai a votar en contra en base os seguintes argumentos; di que non se trata de documentos ocultos, xa que calquera cidadan pode acceder a eles, non se poden tildar de antidemocráticos xa que ten a garantía da Unión Europea que defende os intereses de cidadanía europea; en canto a acusación de precariedade laboral di que os convenios dos traballadores europeos e garantista en defensa dos traballadores, sinalando que con estos convenios contribuíerose a que medren os países da Unión Europea, a unha maior competitividade que redundará en beneficio dos consumidores; sinala que non se contempla nos tratados a liberalización dos servizos públicos. Finaliza a súa intervención dicindo que é unha garantía para todos os estados membros que ditos tratados se debatan no parlamento europeo.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Sr. Iglesias Sendin, dí que as únicas as que van a beneficiar ditos tratados é as grandes empresas, manifestando o apoio a moción xa que os tratados van a traer mais inconvenientes que beneficios.

O Sr. Fidalgo Martinez,dí que poucas empresas galegas van a conseguir a súa internacionalización, alerta das consecuencias para a comarca do Ribeiro, sobre todo no tema do viño, que solo podemos competir con calidade.

O Sr. Garcia Soto, intervén para dicir que se está a chamar globalización entendeo como imperialismo; dí que non confía nos órganos da U.E., que a realidade do Ribeiro e outra moi diferente da que se propón con eses tratados, indicando que non está de acordo en que se vendan alimentos transxénicos nun supermecado de Ribadavia nin productos de dudosa procedencia.

O Sr. Fernández Gil, sinala que a postura do seu grupo é de carácter ideolóxico, respetando o posicionamento do resto dos grupos.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.SO.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); votos en contra, cinco (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida proposta.

10.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non hai mocións de urxencia.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

Polo concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, o Sr. Vázquez López formúlanse os seguinte rogos:

1º ROGO.- Que se proceda a limpeza e se repoñan as luces no parque empresarial.

2º ROGO.- Que se proceda a limpeza da área recreativa sita en Ventosela.

3º ROGO.- Que se proceda a reparar ou substituir o colector roto sito na zona da Estación do ferrocarril e reitera a limpeza da estrada de acceso a dita estación.

Polo concelleiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o Sr. Fidalgo Martínez formúlanse os seguintes rogos e preguntas:



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

1º ROGO.- Tomar medidas de arranxo do camiño dos ríos Avia e Miño, este último causado polas enchentes do inverno. Tomar medidas de protección do camiño do río Avia entre a Veronza e a desembocadura no río Miño, como en reiteradas ocasións o seu Grupo xa ten solicitado. O seu deterioro viuse aumentado polo tránsito excesivo de coches, pois en tramos onde non existiu desborde do río atopase igualmente danado.

Resposta o Sr. Alcalde: Remitiuse unha memoria a FEGAMP co obxecto de solicitar tramitar axudas a Xunta de Galicia.

2º ROGO.- Na vindeira temporada estival, como foi a Semana Santa pasada, se faga unha programación cultural municipal compatible coa que existe nestas datas: manifestacións relixiosas ou campionato internacional de ximnasia rítmica organizado pola asociación Marusia. Para o seu Grupo este rogo está motivado debido a grande afluencia de visitantes e ribadavienses retornados/as que existen nestas datas, aos que se une a veciñanza que estes días descansa, e polo cal se botou en falta unha programación de lecer cultural que reforzara o atractivo do noso municipio.

3º ROGO.- Con data de 21 de xullo de 2015 de rexistro neste Concello é recibido escrito oficial do Ministerio de Fomento de “PARALIZACIÓN DE USOS NON AUTORIZADOS”, polo cal remite copia da Paralización de usos non autorizados realizada pola Subdelegación do Goberno en Ourense o 17 de xuño de 2014, e no cal RESOLVE “se proceda a paralización das actividades mentres (..) se adopte as medidas que garantan a seguridade das persoas que acceden á instalación” no campo de fútbol de herba artificial d’O Xestal.

Con data de 14 de setembro de 2015, nº de entrada 4438 neste Concello é recibido novo escrito oficial da Subdelegación do Goberno español en Ourense, no cal RESOLVE “Suspende definitivamente o uso do campo de fútbol (de herba artificial) d’O Xestal, nunha franxa de 25 metros desde a arista exterior da explanación da autovía A-52”.

Desde o Concello delimitase un peche colocado a 25 metros da arista exterior da explanación da autovía A-52, para poder continuar co emprego parcial de dita instalación.

Na sesión da Comisión informativa de Servizos municipais e Deportes, do 22 de marzo de 2016, o presidente da mesma e titular da Concellería de Deportes, reconece que se está a utilizar dito campo na súa totalidade. Así o recolle a propia acta de dita Comisión. Este grupo quere recordar que as medidas aplicadas sobre a protección de 25 metros de distancia desde a arista exterior da explanación da autovía A-52, son medidas de seguridade cidadá de obrigado cumprimento, e máis se estamos a falar do Concelleiro de Deportes titular da instalación, cuxa obriga é a dar cumprimento a resolución das Administracións e velar pola seguridade dos usuarios.

É de coñecemento público que en varias ocasións teñen caído obxectos a dita instalación, algún xerando situación de inseguridade importante.

Por estes motivos solicitamos:

1º. Que se tomen as medidas necesarias por parte da Alcaldía para que se cumpra a resolución administrativa de garantir a distancia de seguridade dos 25 metros sobre dita instalación, tantas veces incumprida por parte da Concellería de Deportes.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2º. Que se cese na área de Deportes por parte da Alcaldía ao concelleiro titular da mesma, por incumprimento reiterado das súas obrigas, non entrando esta solicitude noutras áreas das que sexa titular dito concelleiro.

3º. Se axilicen os trámites xa reclamados polo noso grupo no Pleno ordinario do 28 de xaneiro de 2016, e se procesa a resolución da situación de dita instalación, recordando que o día 21 de xullo de 2016 vence o prazo, estimado segundo informe da secretaria da Deputación provincial, para proceder a unha resolución pactada entre as tres administración implicadas na infracción: Concello de Ribadavia, Deputación Provincial e Confederación Hidrográfica, xa que de non ser así, tería como consecuencia que todo o custe podería recaer no Concello de Ribadavia.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que e certo que hai que cumprir as Resolucións e velará porque se cumpran; en canto o cese do concelleiro non o comparte xa que fai un traballo excepcional e de xeito gratuito para o Concello.

1º PREGUNTA.- Respecto á Aprobación de Bases de Selección de Peón do GES (Grupo de Emerxencias Municipais) na Xunta de Goberno Local de 21 de marzo de 2016.

Solicitamos copia do informe de Intervención.

Preguntamos si a Praza pola cal se aproban ditas Bases estaba incluída na Renovación do GES feita no inicio de 2016 (2016-2018).

De ser afirmativa esta resposta, o noso Grupo opina que coas Prazas renovadas en 2016 tamén se renovaba o listado de substitución xurdido das probas de acceso para o GES 2013-2015.

De non ser afirmativa, o noso grupo non ten nada que obxectar a convocatoria de dita praza.

Resposta o Sr. Alcalde: Solicitouse informe a Secretaria Municipal, polo que terá a información solicitada.

2º PREGUNTA.- Respecto á Aprobación na Xunta de Goberno local do 29 de febreiro de 2016, na cal decídese que o Concello de Ribadavia se acolla ao Plan Marco de mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, solicita información sobre que camiños do noso Concello se solicitaron para ser incluídos en dito Plan.

Resposta o Sr. Alcalde: O Camiño que se incluiu no Plan foi o denominado Val de Ouro, sito en San Cristovo; dí que se lle deron outros camiños o técnico se ben non cumprian as condicións establecidas na Resolución obxecto da convocatoria.

3º PREGUNTA.- En relación o estado do Proxecto ofertado por unha asociación cultural ao noso Concello para a creación da banda de gaitas municipal intera saber o estado de tramitación.

Resposta o Sr. Alcalde: Estase estudando a proposta.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

4º PREGUNTA.- Solicita a información que dispoña o goberno local sobre a nave do polígono industrial da antiga empresa Monte Kalamua.

Resposta o Sr. Alcalde: A empresa atopase en concurso, nestes intreos en fase de liquidación, existindo algunha empresa interesada.

5ª PREGUNTA.- Interesalle saber os resultados do informe dos Resultados do Observatorio económico Ourenán., solicita copia referida ao noso Concello.

Resposta o Sr. Alcalde: Os datos atopanse na páxina web do Inorde.

Polo concelleiro do B.N.G., o Sr. Garcia Soto formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Que se proceda a limpeza da explanada do Instituto e colexio C.P.I. "Tomas de Lemos".

2º ROGO.- Que se proceda a limpar a zona da Veronza-O Xestal existente o lado do meandro que fai o río Avia o seu paso pola zona.

3º ROGO.- En relación con unha app da Mancomunidade Turística dos Concellos de Carballiño, Ribadavia, Boboras e Leiro, solicita que se faga unha campaña de difusión e divulgación da mesma para que se coñece por parte dos comerciantes do Concello co obxecto de que se publiciten así como tamén se dé difusión do patrimonio do Concello.

1ª PREGUNTA.- Interesalle saber cal é a motivación para convocar a praza de peon do G.E.S. e non acudir a bolsa de traballo creada no seu día.

Resposta o Sr. Alcalde: As motivacións son técnicas e os efectos solicítouse informe a Secretaría Municipal.

2ª PREGUNTA.- Interesalle saber se se está a cumprir o plan de pagos con Gas Natural-Unión Fenosa e con cargo a que partida.

Resposta o Sr. Alcalde: O plan de pagos váise cumprindo e os pagos estanse a realizar de acordo coa partida consignada nos orzamentos.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Fernández Gil formúlanse as seguintes preguntas:

1º. ROGO.- En relación coa obra de acondicionamento do paseo do Avia dende o Xestal ata San Cristovo, solicita se estudie a posible incautación da garantía xa que ademais dos danos ocasionados polas inundacións, hai defectos constructivos graves.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que xa se falou coa empresa é en principio faise cargo, o que non se lle pode reclamar é os danos ocasionados polas inundacións.

2º ROGO.- Rogaríalle que nas vindeiras comisións informativas de cultura se lle de traslado do informe da oficina de turismo, tal como se facía con anterioridade.

3º ROGO.- Que se inclúa na páxina web un link para acceder a información da Ruta do Viño, Recursos europeos e departamento de desenvolvemento económico.

4º ROGO.- Na derradeira comisión deuse conta da caída dunha pedra do Castelo e aínda non se recolleu, polo que solicita que se adopten medidas.

5º ROGO.- Que se proceda a retirar as bombillas de Nadal que hai nunha árbore a altura da praza de abastos así como tamén se proceda a súa poda.

1ª PREGUNTA.- Interesalle saber que xestións se fixeron en relación cos verquidos existentes no polígono industrial.

Resposta o Sr. Alcalde: Solicitouse colaboración a Deputación Provincial para a súa retirada, estando a espera de constestación.

2º PREGUNTA.- En relación coa contratación dun peon para o G.E.S., interesa saber quen é o órgano competente para aprobar as bases e cál vai a ser o criterio para futuras contratacións no caso de baixas, xubilacións ou vacantes.

Resposta o Sr. Alcalde: Unha vez elaborado o informe por parte da Secretaria Municipal darase traslado do mesmo; en canto os criterios a utilizar como ata agora serán de carácter técnico.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Sotelo Barroso formúlanse os seguintes rogos:

1º ROGO.- Na zona de Muñoz Calero hai un piñeiro seco que está a punto de caer así como tamén desprendeuse un terraplen e está na beirarúa polo que solicita se adopten medidas por parte do Concello.

2º ROGO.- Recordalle o Sr. Alcalde que na pista do río, dende a Veronza ata a Barca, siguen a pasar vehículos pol que de nada vale arranxalas se non se pecha, polo reitera que se adopten medidas.

3º ROGO.- Rogaríalle o Sr. Alcalde se procedese a limpeza xeral da pista que hai o lado do Instituto.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que non é competencia do Concello senon de Educación, non obstante toma nota do tema.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Intervén o Sr. Alcalde para solicitar o pronunciamento dos grupos sobre uns feitos producidos o remate do pleno da Deputación de data de hoxe no que a deputada provincial Dona Montserrat Lama o acusaba de mentir o negar feitos coñecidos como unha demanda contra el en defensa dos dereitos fundamentais presentada por un traballador do Concello de Ribadavia, instandoo a que dimita dos seus cargos pola gravidade das acusacións; dí que non ten aberta causa algunha como todos son coñecedores, tratase dunha cuestión laboral que ven de moito tempo atras, época na que non era Alcalde e dita persoa dependía orgánicamente doutro concelleiro, dí que dita cuestión foi desestimada en primeira instancia polo xulgado, polo que espera que todos os membros da Corporación se ten que acudir ao xulgado defendan os intereses do Concello, xa que entende que estamos ante unha cuestión institucional e non persoal do Sr. Alcalde.

O Sr. Vázquez López, mostra o seu total apoio o Alcalde en defensa da súa honorabilidade.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala nun principio que si se trata de cuestións derivadas dun debate na institución provincial nada ten que dicir o pleno do Concello de Ribadavia; continúa a dicir que o P.P. ten bastante materia para atacalo que ter que acudir a ese tema; polo que sabe do tema é unha cuestión que ven de atras cando o Sr. Gómez Pérez non era Alcalde, indicando que ditas tensións producense polo feito que o Alcalde de Ribadavia e o voceiro do grupo socialista na deputación é a mesma persoa e eso está a xerar tensións políticas, polo que pensa que nunca un alcalde debería ser voceiro na institución provincial.

O Sr. Garcia Soto, sinala que non é partidario de xudicializar a política, manifesta que o seu grupo apoiara a institución en todo momento; dí que se non ten aberta causa xudicial algunha nada ten que temer, todos somos sabedores de que hai neste tema e nun principio nada lle vai a perxudicar.

O Sr. Fernández Gil, nun principio sinala que o punto de rogos e preguntas non é para isto, non vai a entrar neste tipo de cuestións porque son personais e se considerará que hai algún delito solicialle exerza as accións xudiciais oportunas.

Concluído o anterior, ás once menos cuarto da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*